

Resolución de 06 de xuño de 2017, da comisión de selección designada no proceso selectivo para a elaboración de listas de agarda para cobertura temporal de vacantes entre os candidatos incluídos nas listas previas da categoría de Enxeñeiro Técnico Forestal, perfil “Prevención/Defensa/Extinción de incendios forestais”, nos ámbitos “A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servizos Centrais” pola que se convoca á realización da proba teórica.

En sesión que tivo lugar o día 06 de xuño de 2017, a comisión de selección designada no proceso selectivo para a elaboración de listas de agarda para cobertura temporal de vacantes entre os candidatos incluídos nas listas previas resultante do período de actualización de méritos, na categoría de Enxeñeiro Técnico Forestal, perfil “Prevención/Defensa/Extinción contra incendios forestais”, nos ámbitos “A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servizos Centrais”, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Convocar á realización da proba teórica.

De conformidade co disposto nas bases xerais 2.2.4.2, e nas bases específicas II 2.2 das que rexen o proceso, acordou convocar á realización da proba teórica na categoría profesional de Enxeñeiro Técnico Forestal, perfil “Prevención/Defensa/Extinción contra incendios forestais”, nos ámbitos “A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servizos Centrais”, ós candidatos que superaron a proba física do “*Field-Test*”, e que se relacionan no ANEXO I da presente resolución.

Segundo.- Data, hora e lugar para a realización da proba.

De conformidade co disposto nas bases xerais 2.2.4.2, e nas bases específicas II 2.2 das que rexen o proceso, a proba teórica realizarase o **día 09 de xuño de 2017**, nas instalacións da Escola Galega de Administración Pública situadas na Rúa de Madrid, nº 2 – 4, Santiago de Compostela, en chamamento único que comezará **ás 10:00h.**

A proba teórica consistirá na realización dun exame tipo test que se valorará ata un máximo de 20 puntos, e cunha duración máxima de 1 hora, o seu contido é o determinado nas bases específicas II 2.2.2.

A orde de actuacións dos candidatos realizarase segundo o disposto no ANEXO I desta resolución, comezando alfabéticamente por aquel cuxo primeiro apelido empece pola letra “K”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Facenda do 20 de xaneiro de 2017 (DOG do 30 de xaneiro de 2017) e segundo o disposto nas bases xerais que rexen os procesos, ao tratarse dunha proba a celebrar no ano 2017.

Non se permitirá no recinto onde se realice a proba o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico, ou calquera outro material ou instrumento. Advírtese que non haberá servizo de recollida do referido material, instrumento ou dispositivos.

Os candidatos serán convocados en único chamamento. Os candidatos convocados que non comparezan serán excluídos tanto do proceso selectivo como do sistema de listas previas da categoría profesional, non sendo os casos debidamente xustificadas libremente apreciados pola comisión de selección.

O prazo para a presentación de xustificantes será ata o mesmo día da celebración da proba. Non se admitirá recurso o respecto das decisións da comisión de selección neste punto.

A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente que non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

Santiago de Compostela, a 06 de xuño de 2017.

A Presidenta da Comisión de selección.

A blue circular stamp from the 'EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.' is overlaid with a blue ink signature. The stamp contains the text 'EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.' and 'CIF: B-7009657'. The signature is written over the stamp and extends to the left.

Asdo.- M^a Jesús Cobas Ríos.